

CURSO LIBERDADE ESCÉNICA PARA A INTERPRETACIÓN MUSICAL ANTE O PÚBLICO

LAURA SARASOLA PONTÓN

ACTRIZ, CO-DIRECTORA DE CARAMUXO TEATRO E DIRECTORA DE AURORA ARTES ESCÉNICAS

DATA: XOVES 20 E VENRES 21 DE MARZO

- HORARIO: 10-12:30H

LUGAR: AUDITORIO ANDRÉS GAOS

Este curso ten como obxectivo fundamental proporcionar ferramentas para afrontar con seguridade e confianza a exhibición en público. Para iso, traballarase a liberación do medo escénico, a adquisición de técnicas específicas de interpretación, así como o desenvolvemento da autopercepción e consciencia corporal. Ademais, abordarase a percepción e control do espazo, a preparación previa á actuación e o adestramento da presenza escénica, favorecendo así unha maior seguridade e dominio do escenario.

Laura Sarasola é actriz, mestra de Primaria e co-directora de Caramuxo Teatro, ademais de directora de Aurora Artes Escénicas. Dende 2002 compaxina a interpretación coa docencia teatral para nenos e adultos, impartindo actualmente clases na Escola de Interpretación de Narón. Formouse en interpretación escénica con Flor Maceiras e Lino Braxe, ampliando os seus estudos no centro Guindalera Escena Abierta de Madrid grazas a unha beca da Deputación da Coruña. Conta con formación en teatro físico, danza clásica e contemporánea, e tap dance. Ao longo da súa carreira, participou como actriz e directora artística en espectáculos con música en directo, colaborando con grupos como Quinteto Invento, Catro Cores e Caramuxo Teatro.

MATRÍCULA: 40€ ALUMNO/A (A INGRESAR NO NÚMERO DE CONTA: ES04 2080 0042 5931 1000 0181, INDICANDO NOME, CURSO E INSTRUMENTO)

INSCRICIÓNS E CONTACTO: envío resguardo do pago ao mail aidatrompa@gmail.com